

Afonso Becerra
de Becerreá

o reino (e) dos amores proscritos

Unha viaxe á Idade
Media máis colorida



EDIÇÃO
laiovento
LAIOVENTO

TEATRO

Afonso Becerra de Becerreá



Dramaturgo e director teatral. Doutor en Artes Escénicas pola UAB. Titulado Superior en Arte Dramática polo Institut del Teatre de Barcelona. Como ensaísta publicou *O ritmo na dramaturxia* (2005), *Dramaturxia. Teoría e práctica* (2007), *Roberto Vidal Bolaño e o xogo do teatro* (2012), *Confío-te o meu corpo. A dramaturgia pós-dramática* (2018) e *História da Dança Contemporânea na Galiza* (2021). Publicou as pezas teatrais *Rexurdimento. Coplas de cego* (2000), *Agnus Patris* (2001), *Crio-Xénese* (2007), *Dramaticulas* (2010), *Textículos dramáticos e posdramáticos* (2013) e *Pandrama* (2022). Premio Álvaro Cunqueiro de textos teatrais (2001). Premio María Casares á Mellor Adaptación (2016). Premio de Honra do Festival de Teatro Galego (2020). Premio Internacional de Xornalismo Carlos Porto do Festival de Almada (2024). Colaborador sobre artes escénicas en diferentes medios escritos e audiovisuais, director da *erregueté* | *Revista Galega de Teatro* e docente na ESAD de Galiza.

Sinopse

Xoguete teatral “vintage” contemporáneo, que propón unha viaxe ao Reino de Galiza, na Idade Media, desde os primeiros asentamentos humanos, a lenda celta, dos castros aos castelos, coa Gallaecia romana polo medio. Unha viaxe lúdica e festiva, desde a perspectiva de artistas (trobadores, xograres, soldadeiras), mulleres (raíñas) e vidas e historias LGBT. Un espectáculo contemporáneo para evocar aquela época, na que se encontran os fundamentos de boa parte da nosa cultura. Un reino e uns amores proscritos da historia oficial, durante moito tempo. Unha viaxe fascinante a través do xogo teatral e da música medieval, interpretada en directo con instrumentos de época e co tesouro das nosas cantigas.

Ficha artística do espectáculo

Dramaturxia e dirección: Afonso Becerra de Becerreá

Interpretación: Ana Carreira Varela, Isabel Risco, Alberte Bello e Henry Vidal

Música: Henry Vidal

Espazo escénico, caracterización e iluminación: Alberte Bello

Ilustracións: Paula Garrote

Produción: ALÓproducións

Asistencia produción: Ana G. Fernández

Textos orixinais: Afonso Becerra e Rochi Nóvoa Vázquez (contos e voces das raíñas Sancha e Urraca)

Fragmentos de textos citados: Darío Xohán Cabana (1952-2021), Carlos Callón, Xoán de Cangas (s. XIII), Martín Códax (s. XIII), Guillermina Domínguez Touriño e Felicia Estévez Salazar, Gosdescalcus/Gottschalk de Orbais (803-868), Mendiño (s. XIII), , Eduardo Pondal (1835-1917), Nuno Porco (s. XIII)

Músicas: *Quantas sabedes amar* de Martín Códax, *Ut quid Iubes* de Saint Marcial de Limoges, *Sedia-m'eu na ermida de San Simón* de Mendiño (Contrafactum *Cantigas de Santa María* 300), *Ondas do mar de Vigo* de Martín Códax, *Irei a lo mar vee-lo meu amigo* de Nuno Porco (Ai Deus de Martín Códax), *Amigo se mi gran ben queredes* de Xoán de Cangas (Contrafactum sobre tonus peregrino), pasaxe das soldadeiras (*Lai des pastourelles* – anónimo da Biblioteca Nacional de Francia)

Fotografías: Afonso Becerra de Becerreá

Agradecementos: Tareixa Antía Ferreiro Tallón e a Area de Cultura, Turismo e Promoción da Lingua do Concello de Lugo; Iria Castro Fernández e a Area de Cultura, Patrimonio Histórico Artístico e Normalización Lingüística da Deputación de Lugo; Centro de Artesanía

e Deseño da Deputación de Lugo; Amparo Becerra Arrojo e Carlos Rubiero; Roi Rubiero Becerra; Lía Rubiero Becerra; Alfonso Becerra López; António Franco Carreira; Nieves Neira Roca; Xesús González Gómez; Afonso Ribas Fraga

Estrea: Auditorio Municipal de Ribeira (A Coruña), 16 de outubro de 2025. Mostra Teatro de Ribeira

Re-estrea: Auditorio Municipal Gustavo Freire de Lugo, 14 de maio de 2026

Introdución

Que é ou que pode ser para nós, hoxe, o Reino de Galiza?

Que hai das mulleres, de artistas e das persoas e amores homosexuais, tan proscritos como o propio Reino de Galiza na historiografía oficial?

Hai, polo menos, tres praceres edificantes para (o) ser humano: viaxar non só no espazo, senón tamén no tempo; imaxinar, soñar e fantasiar; aprender e medrar. Se na nosa Historia hai capítulos estimulantes para a aventura do coñecemento, para sabermos de onde vimos e pensarmos onde podemos chegar, quizais un dos máis sobranceiros e enigmáticos é o do Reino de Galiza.

Éo porque, a moitas persoas, non se nos explicou nas escolas nin nos institutos, ficando case como un conto, que puídemos escoitar por algures.

Éo porque a pouca difusión que tivo, seguramente por motivos políticos dun reino asimilado e desaparecido baixo o poder foráneo de Castela e despois de España, só deixou lugar á nosa fantasía.

No Reino de Galiza florece a lingua galega e vaise tecendo unha cultura propia da que aínda formamos parte, malia todos os séculos de maltrato e prohibición.

Así pois, que é para nós, hoxe, ou que pode ser o Reino de Galiza?

Esta é a pregunta que queremos facernos con esta proposta teatral. Un espectáculo que se basea na aventura da viaxe no tempo, a través do xogo con materiais escénicos heteroxéneos, que nos sirvan para estimular a fantasía e a imaxinación, na procura daquel paraíso perdido, daquel reino de lenda, onde podería encontrarse o Santo Graal ou a Pedra Roseta da nosa cultura.

Do mesmo xeito, para saír de abstraccións ou documentación frías e académicas, o teatro busca a materia humana e a dos soños. Trátase dunha busca aburada por inquedanzas, que non fica no xa coñecido, no comfortable, no obvio nin nas modas, senón que persegue o escondido, o marxinado e até o prohibido. Por iso é importante pensar nas persoas, nas súas relacións e desexos por aquela altura. Queremos saber sobre o amor á arte no Reino de Galiza, o das artistas. Queremos saber das raíñas e das mulleres. Queremos saber tamén doutros amores que desafiaban o acostumado ou o establecido, os amores homosexuais, eses que, igual ca o propio Reino de Galiza, foron proscritos da Historia con maiúsculas.

*Concepción do espectáculo e idea dramatúrxica:
instalación teatral/paisaxe escénica e performance
actoral e musical*

Nun escenario baleiro, sen escenografía, do mesmo xeito que a Historia con maiúsculas que nos aprenderon deixou baleiro o capítulo do Reino de Galiza, o elenco vai ir xogando con diferentes elementos escénicos para configurar unha **instalación plástica dinámica e mutante**, que estimule a imaxinación e que nos leve a diferentes paraxes e hipóteses posibles do Reino de Galiza. Trátase de construír, diante do público, espazos evocativos que materialicen, de maneira aberta e poética, os contornos de lugares de lenda.

A factura artesanal do xogo, convertendo o escenario nun campo de operacións artísticas, disposto para levarnos de viaxe no tempo e no espazo, correspóndese con esa proximidade á que queremos traer o Reino de Galiza. Algo que sempre estivo tan afastado e que nos gustaría agora tocar e sentir coas nosas propias mans.

Ademais da instalación plástica dinámica e mutante, está o traballo coa caracterización. Para evocar non só espazos, senón tamén personaxes daquela época. É aí onde tamén

entran **pequenas historias para contar**, como o amor de Sancha e María, século XIII; ou o de Pedro e Munio, que casaron en 1061, lembrando tamén a relación de Urso e Rufino do século II d.C. ou os desexos do Adiantado Maior do Reino de Galiza Fernám Díaz (Estevo Fernández de Castro), no século XIII, da liñaxe descendente do Rei Don García, tal cal nos refire Carlos Callón en *Vidas e historias LGBT da Idade Media* (Xerais, 2025). Historias de amor que descubrimos ao abeiro de **cantigas** que nos van servir para desfrutar da **arte da palabra que nos vén daqueles tempos**.

Outro recurso co que queremos contar é a **montaxe en directo de imaxes, deseños, debuxos e fotografías**, con motivos relacionados coa época e coas historias que imos colocar nesa paisaxe. Isto vainos permitir facer, ao xeito da banda deseñada e dos debuxos animados, a recreación de historias de personaxes, así como de escenas que ilustren ese Reino de Galiza que estamos querendo traer aquí, nun estilo lúdico e fantasioso.

Nesa mesma filiación estética, a modalidade do **teatro de sombras**, serve para activar, doutro xeito, **a maxia evocativa que teñen as siluetas e as figuras**, coas que podemos construír un Reino de Galiza no que proxectar tamén os nosos desexos de inclusión.

Por outra banda, está **o universo sonoro e musical con instrumentos antigos**, como un dos medios máis emocionantes para viaxar, evocar e invocar o pasado. Alén disto, a música tamén vai servir para conectar co concepto de **teatro-festa**, co que rematar o espectáculo dun xeito celebratorio.

O xogo actoral e de movemento envolverase nun **espazo sonoro evocativo, á procura dos sons e das músicas do Reino de Galiza**. Para iso é importante contar coa presenza, en directo, de instrumentos musicais antigos, semellantes aos que podemos observar no Pórtico da Gloria da Catedral de Santiago de Compostela.

O espectáculo ten un estilo “vintage”, renunciando ao vídeo ou á utilización de medios dixitais en escena, xogando cunha estética que pode lembrar a das ilustracións medievais das *Cantigas de Santa María*, de Afonso o Sabio, e tamén a daquelas bonecas de papel recortable, as “mariquitas”. As actrices e actores non representan personaxes, senón que os evocan e constrúen co relato, coa maquillaxe e a caracterización en directo. O rexistro verbal pasa do documental á ficción do conto, botando man tamén da lírica e do canto. Así pois, estamos ante unha **peza paisaxe**, unha colaxe, que ten a vontade de conxugar o pracer da viaxe co da imaxinación e a fantasía, a través dun dispositivo escénico heteroxéneo, para aproximarnos á recreación do Reino de Galiza e das mulleres, artistas e persoas, das que as vidas, amores e relacións ficaron tan proscritas como ese período histórico.